



REGULAMENTO 2026

SUPERLIGA GALEGA DE TRAIL E CXM



Contido

1. Obxecto e natureza da competición	3
2. Marco normativo e principios xerais	3
3. Ámbito temporal e territorial	3
4. Probas puntuables	3
5. Participantes	4
6. Categorías	4
7. Sistema de puntuación por posición	4
8. Sistema de ponderación das probas	5
9. Resultados computables e clasificacións	6
10. Premios e recoñecementos	6
11. Envío, validación e tratamento dos datos	6
12. Responsabilidades	6
13. Interpretación e modificación do regulamento	6
14. Protección de datos persoais	7
ANEXO I. EXEMPLO CÁLCULO PUNTUACIÓN PROBAS 2025	8
ANEXO II. CALENDARIO DE PROBAS TRIMESTRE 1	9

Superliga Galega de Trail e CxM

Regulamento 2026



1. Obxecto e natureza da competición

A Superliga Galega de Trail e Carreiras por Montaña (en diante, a [SUPERLIGA](#)) é unha competición anual de carácter deportivo cuxo obxectivo é establecer unha clasificación xeral de rendemento das corredoras e corredores de Trail Running e/ou Carreiras por Montaña, a partir dos resultados obtidos en distintas probas celebradas ao longo da tempada.

A SUPERLIGA non organiza probas propias nin substitúe ningunha competición oficial existente. O seu carácter é agregador, integrando resultados de probas organizadas por entidades independentes que se adhiran voluntariamente ao presente regulamento..

2. Marco normativo e principios xerais

O presente regulamento inspírase nos principios xerais recollidos nos regulamentos de competición oficiais de carreiras por montaña da Federación Galega de Montañismo (FGM) e nos regulamentos de Trail Running da Federación Galega de Atletismo (FGA), sen que isto implique dependencia orgánica, xerárquica ou disciplinaria con ningunha destas entidades.

A SUPERLIGA réxese polos principios de igualdade, transparencia, obxectividade, publicidade das clasificacións e recoñecemento do mérito deportivo.

3. Ámbito temporal e territorial

A tempada oficial da SUPERLIGA comprenderá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Terán carácter puntuable todas aquelas probas celebradas dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período indicado que cumpran os requisitos establecidos no presente regulamento. As probas puntuables integraranse no calendario oficial da SUPERLIGA, que se recollerá no Anexo II deste regulamento, no que se indicará expresamente para cada proba o seu correspondente coeficiente de puntuación, calculado conforme ao sistema de ponderación establecido (artigo 8). Dito coeficiente queda condicionado ao número final de participantes que rematen cada proba.

Dada a premura na posta en marcha da competición nesta primeira edición, non foi posible a elaboración dun calendario anual completo con carácter previo ao inicio da tempada. Por este motivo, o calendario de probas será actualizado con periodicidade trimestral, co obxectivo de facilitar a adhesión progresiva de novas probas e fomentar a máxima participación, a medida que a iniciativa vaia sendo difundida e coñecida no ámbito das carreiras por montaña en Galicia.

4. Probas puntuables

Poderán formar parte da SUPERLIGA todas aquelas probas que soliciten expresamente a súa adhesión mediante o formulario pertinente, antes das datas límite que estableza a organización. A adhesión das probas terá carácter voluntario e gratuíto, non implicará ningún custo económico nin compromiso organizativo adicional para as entidades organizadoras.

Superliga Galega de Trail e CxM

Regulamento 2026



As probas adheridas comprométese unicamente a facilitar á organización da SUPERLIGA as clasificacións oficiais completas, nos termos establecidos neste regulamento. Non poderán formar parte do calendario as probas que:

- Non contén cun sistema de cronometraxe
- Só exista un gañador ou que a distancia da mesma sexa variable (estilo Backyard ultra ou similares).
- Carreiras cun ratio de desnivel positivo (m)/distancia (km) inferior a 20.
- Carreiras que, non sendo kilómetros verticais (KV), teñan unha distancia inferior a 5km
- Carreiras que non estean abertas á participación de persoas maiores de idade.

5. Participantes

A participación na SUPERLIGA é voluntaria e de carácter individual. As corredoras e corredores poderán solicitar a súa inclusión na clasificación a título individual ata o 30 de xuño do presente ano empregando o seguinte formulario:

<https://superligatrailcxm.com/corres-trail-ou-cxm/#formularioindividual>

Os clubs tamén poden tramitar múltiples inscricións dos seus asociados enviando os datos de todas/os elas/es por correo electrónico o enderezo da organización superligatcxm@gmail.com. Neste caso poden empregar o modelo de folla da datos pendurado na web (<https://superligatrailcxm.com/corres-trail-ou-cxm/>).

As carreiras que queiran formar parte do calendario poden solicitalo cubrindo o seguinte formulario:

<https://superligatrailcxm.com/organizas-unha-carreira/#formulariocarreiras>

A participación, tanto de corredores como de carreiras, implica a aceptación íntegra do presente regulamento.

6. Categorías

Estableceranse clasificacións diferenciadas por sexo, masculino e feminino. As categorías por idade serán as seguintes:

- Absoluta
- Sub18: nados/as entre o 2009 e o 2012
- Sub23: nados/as entre o 2004 e o 2008
- Sénior: nados/as entre o 1987 e o 2003
- Veteranos/as A: nados/as entre o 1977 e o 1986
- Veteranos/as B: nados/as entre o 1967 e o 1976
- Veteranos/as C: nados/as entre o 1966 ou antes

7. Sistema de puntuación por posición

A puntuación base obtida en cada proba determinarase segundo a posición final acadada:

- 1º posto: 10 puntos
- 2º posto: 8 puntos
- 3º posto: 7 puntos
- 4ºe 5º posto: 6 puntos

Superliga Galega de Trail e CxM

Regulamento 2026



- 6º ao 10º posto: 5 puntos
- 11º ao 20º posto: 4 puntos
- 21º ao 30º posto: 3 puntos
- Do posto 31 ata o 50 % dos participantes clasificados: 2 puntos
- Segunda metade dos participantes clasificados: 1 punto

Se nunha proba clasifican menos de 50 participantes, todos os corredores/as clasificados a partir do posto 31 obterán 1 punto.

8. Sistema de ponderación das probas

Co fin de reflectir a dificultade técnica e a relevancia deportiva de cada proba, aplicarase un coeficiente de ponderación á puntuación básica por posición.

O coeficiente calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$Coef = D (km) + \left(\frac{Desn + (m)}{100} \right) + \left(\frac{N_{finishers}}{10} \right)$$

Onde:

D = Distancia da proba en km

$Desn +$ = Desnivel + da proba en m

$N_{finishers}$ = Número de participantes que finalizan a proba

Nas probas verticais (KV) o coeficiente final multiplicarase por 2.

Os puntos finais obtidos nunha proba resultarán de multiplicar a puntuación base en función da posición, polo coeficiente correspondente:

$$Puntuación = Puntos * Coef$$

No Anexo I do Regulamento pódense ver uns exemplos de aplicación da puntuación. A parte correspondente o número de “finishers” non se pode concretar ata que finalice a proba, pero fanse os cálculos empregando os datos da última edición. No calendario (Anexo II) ofreceranse tamén de referencia os coeficientes do ano anterior e o do actual a falta de sumar a parte dependente do número de participantes que finalizan a proba.

Tanto coeficiente, como puntos e puntuación final redondearanse con precisión de 1 decimal.

En caso de empate a puntos, gañará o/a corredor/a que teña mais puntos globais acumulados. Isto é, contando todas as probas nas que participou e non só as 8 mellores. De persistir o empate, empregarase como criterio a puntuación mais alta obtida nalgunha das probas da SUPERLIGA. Gañará o participante que obtivera a puntuación mais alta dalgunha das probas computadas.



9. Resultados computables e clasificacións

Para a clasificación XERAL da SUPERLIGA teranse en conta **só os 8 mellores resultados obtidos** por cada participante durante a tempada.

As clasificacións actualizaranse despois da realización de cada proba. Unha vez publicada cada actualización existira un período máximo de reclamación de ditos resultados de 10 días. Finalizado ese prazo os resultados pasarán a ser definitivos e non existirá posibilidade de alegación posterior.

10. Premios e recoñecementos

A organización da SUPERLIGA premiará aos tres primeiros clasificados e clasificadas de cada categoría, en función da clasificación final ao remate da tempada.

A concesión, número e natureza dos premios estará condicionada á dispoñibilidade de apoios económicos, patrocinios ou colaboracións que poidan acadarse ao longo da tempada, polo que no momento da publicación do presente regulamento non é posible determinar o seu valor económico ou material.

A organización resérvase o dereito de establecer recoñecementos adicionais de carácter honorífico ou simbólico relacionados co rendemento deportivo, a regularidade ou a participación, sen que estes impliquen necesariamente contraprestación económica ou material..

11. Envío, validación e tratamento dos datos

As probas adheridas deberán remitir as clasificacións oficiais en formato XLSX ou CSV. Cada ficheiro deberá incluír exclusivamente participantes clasificados e conter, como mínimo, nome e apelidos, data de nacemento, xénero e posición final.

Non se admitirán datos remitidos en formato PDF ou ligazóns web.

12. Responsabilidades

A organización da SUPERLIGA non asume responsabilidade algunha derivada da organización, seguridade, control médico ou desenvolvemento das probas. Estas responsabilidades recaen integramente nas entidades organizadoras de cada carreira.

13. Interpretación e modificación do regulamento

A organización da SUPERLIGA resérvase o dereito de interpretar o presente regulamento nos casos non previstos e de introducir modificacións xustificadas, que serán comunicadas publicamente.



14. Protección de datos persoais

A participación na SUPERLIGA implica a aceptación expresa por parte das persoas participantes do tratamento dos seus datos persoais necesarios para a correcta xestión da competición, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Os datos persoais obxecto de tratamento limitaranse aos estritamente necesarios para a elaboración das clasificacións e a verificación dos resultados, incluíndo, entre outros, nome e apelidos, data de nacemento, sexo, club (se procede), resultados deportivos e participación nas distintas probas puntuables.

As persoas participantes **autorizan expresamente** á organización da SUPERLIGA a:

- Utilizar os seus datos persoais para a elaboración, publicación e difusión das clasificacións.
- Comprobar e contrastar os datos remitidos polas probas organizadoras co fin de garantir a veracidade e coherencia dos resultados.
- Publicar os resultados e clasificacións en soportes dixitais ou medios de comunicación relacionados coa SUPERLIGA.

Os datos persoais non serán cedidos a terceiros alleos á organización da SUPERLIGA, agás nos supostos legalmente previstos ou cando resulte necesario para a correcta xestión da competición, en particular para a verificación de datos coas entidades organizadoras das probas puntuables.

As persoas participantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición, mediante solicitude dirixida á organización da SUPERLIGA, polos medios que esta habilite.

A organización comprométese a adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade, integridade e confidencialidade dos datos persoais tratados, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.



ANEXO I. EXEMPLO CÁLCULO PUNTUACIÓN PROBAS 2025

PROBA	Distancia (km)	Desnivel+ (m)	N_finishers	Coef.
Trail do Pico (A Camelia)	33	1700	135	63,5
Trail do Castro (A Camelia)	22	1050	66	39,1
Trail Orixes Ultra (Mondariz)	62	3591	65	104,4
Trail Orixes Maratón (Mondariz)	42	2300	91	74,1
Trail dos Indios (Castelo de Vitres)	27	1500	151	57,1
Trail Do Aloia	20	1000	228	52,8
Trail do Lor Ultra (QTC)	65	4000	54	110,4
Trail do Lor Maratón (QTC)	42	2300	134	78,4

PROBA	Posición	Puntos	Coef.	Puntuación
Trail do Pico (A Camelia)	1	10	63,5	635
Trail do Pico (A Camelia)	10	5	63,5	317,5
Trail do Pico (A Camelia)	22	3	63,5	190,5
Trail Orixes Ultra (Mondariz)	1	10	104,4	1044
Trail Orixes Ultra (Mondariz)	35	1	104,4	104,4
Trail dos Indios (Castelo de Vitres)	4	6	57,1	342,6
Trail dos Indios (Castelo de Vitres)	70	2	57,1	114,2

Superliga Galega de Trail e CxM

Regulamento 2026



ANEXO II. CALENDARIO DE PROBAS TRIMESTRE 1

PROBA	Distancia (km)	Desnivel+ (m)	Coef. 2026*	Coef. 2025
Trail do ...	33	1700	50	63,5
*Cálculo pendente de coñecer o número total de participantes que finalizan a proba. Ao valor indicado nesta columna haberá que sumarlle ($N_{\text{finishers}}/10$)				